

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

#### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FEIRAL E FONDO DA PRAZA MAIOR DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2012.**-----

Sendo as 12:30 horas do día 14 de setembro de 2012, no salón de Plenos do Excmo. Concello, constitúese Comisión de Festas actuando como Mesa de Contratación, presidida polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua don Antón Bao Abelleira e actuando como vocais dona Sonia Méndez García, polo Grupo municipal do Partido Socialista, don Angel Trabada Gómez polo Grupo municipal do Partido Popular, don Marcial Rodríguez Toajas interventor xeral do Concello, dona Matilde García Losada, xefa da sección de cultura, don José Antonio Carro en substitución da titular da Asesoría Xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación.

O secretario da mesa pon de manifesto que a mercantil XESTIÓN DE MONTAXES presentou a documentación requirida pola mesa de contratación na sesión celebrada o día 5 de setembro do ano en curso; unha vez examinada polos membros da mesa acordan admitila á licitación, e excluír da licitación á oferta presentada pola mercantil TOLDOS JOCAR S.L por non ter presentado en tempo e forma a documentación que acredite a súa solvencia económica.

A continuación procédese á apertura do sobre B) que contén a oferta económica co seguinte resultado:

1.- CARPAS CARBOEIRA S.L, propón como prezo do contrato a cantidade de 28.300 euros máis ó 21% do IVE (5.943 euros) do que resulta un importe total de **34.243,00 euros IVE incluído**.

2.- XESTIÓN DE MONTAXES OS ANCARES S.L, propón como prezo do contrato a cantidade de 28.000 euros máis ó 21% do IVE (5.880 euros) do que resulta un importe total de **33.880,00 euros IVE incluído**.

Así mesmo oferta as seguintes melloras (valoradas economicamente en 2.400 euros) para as casetas situadas no fondo da Praza Maior:

- contarán con subministro eléctrico por conta de Montaxes Os Ancares SL: boletín Industria, acometida, enganche e consumo.
- o consumo máximo por caseta será de 1000w.
- mostradores e estantes: os expositores que o precisen poderán equipar mostradores e estantes sen custe sempre que o soliciten antes do día 3 de outubro de 2012.

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/cml

Refª: Acta apertura sobre B)

Asunto:


Á vista do cal, os membros da Mesa de Contratación acordan excluír da licitación á oferta presentada pola mercantil TOLDOS JOCAR SL por non ter por non ter presentado en tempo e forma a documentación que acredite a súa solvencia económica; e seleccionar como oferta economicamente máis vantaxosa á mercantil XESTIÓN DE MONTAXES OS ANCARES S.L.

Así mesmo acordan requirir á mercantil XESTIÓN DE MONTAXES OS ANCARES S.L para que aporte como trámite previo a efectuar a correspondente adxudicación os certificados de non ter débedas de carácter tributario ca Axencia Tributaria e ca Tesourería Xeral da Seguridade Social, xustificante de atoparse dado de alta no IAE e último recibo, declaración de non terse dado de baixa na matrícula do IAE e unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 13:00 horas do día anteriormente sinalado.

O PRÉSIDENTE

Asdo: Antón Bao Abelleira



O SECRETARIO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz